

Agora e sempre, Alborada

No ano 2013 A Fundación Rosalía de Castro e a Asociación de Gaiter@s Galeg@s (AGG) chamabamos a celebrar o Día de Rosalía, en Galicia e no mundo, como así foi, coa alegría e a esperanza da Alborada de Rosalía. Naquela mañá do 24 de febreiro en que se cumprían 150 anos de *Cantares gallegos*, os gaiteiros e gaiter@s, con outros músicos, saíron ás rúas, camiños, prazas e lugares especialmente simbólicos para botaren a Alborada en homenaxe.

Este ano non pode ser. Este ano a pandemia reclúenos e dispérsanos. Pero aínda que non poidamos xuntarnos e pisar os espazos públicos coma daquela, si podemos saudar o Día de Rosalía coa alegría da música, coa esperanza da Alborada. A noite de medos e de tristura ten que acabar e dar paso a esa “alborada de gloria”, ese novo tempo que nos faga encarar o futuro con ilusión e confianza. A meniña gaitera de Rosalía saudaba o renacer de Galicia a unha nova idade. Saudemos con ela e coa súa Alborada que estamos nun tempo tamén de renacemento, celebremos que o millo medra e que cantan os paxaros ledos do novo día.

Por iso chamamos a tódolos gaiteiros e gaiter@s e ó mundo da música en xeral a celebrar o Día de Rosalía neste 24 de febreiro tan especial. Que a pandemia non nos silencie.

*Arriba todas, / rapaciñas do lugar!, / que o sol i a aurora xa vos vén a
dispertar. / Arriba! / Arriba, toleirona mocidade!, / que atruxaremos cantaremos
o ala... lá...!!!*

Viva Rosalía! Avante a Alborada!